

# Libres e Combativas

Feminismo revolucionario e anticapitalista



**Contra a extrema  
dereita, o seu machismo  
e a súa homofobia**

**A LOITA  
É O ÚNICO  
CAMIÑO!**



# Contra a extrema dereita, o seu machismo e a súa homofobia A LOITA É O ÚNICO CAMIÑO!



A forza de todas e todos os que nos mobilizamos nas rúas —as mulleres contra a violencia machista e a xustiza patriarcal, os estudantes en defensa da educación pública, os pensionistas por unhas xubilacións dignas e o pobo de Catalunya pola república e o dereito para decidir...— fomos o factor decisivo para pechar o paso á dereita.

Malia a súa rabia españolista, reaccionaria e machista non puideron evitar a conformación de goberno entre PSOE e Unidas Podemos. Atopámonos perante unha posibilidade histórica de reverter os recortes sociais e os duros ataques aos dereitos democráticos, e avanzar seriamente contra a violencia machista levantando un muro contra a extrema dereita.

Pero logralo depende de manter a mobilización masiva nas rúas esixindo ao novo Goberno que cumpra as súas promesas e non ceda ante as presións do bloque reaccionario.

## Os nostáxicos do franquismo á ofensiva

A furia desatada pola extrema dereita de Vox e o seu aliados PP e Cs, é proporcional ao seu odio contra aqueles e aquelas que respondemos á súa ofensiva. Desde a tribuna do congreso pregaron barbaridades como que a violencia de xénero non existe —a pesar de que 2019 pechábase con 99 asasinadas por violencia machista, dato récord desde 2014— e que o

maior problema da sociedade é a “ditadura feminista”. Tamén se burlaron publicamente das vítimas das “mandas”, alentando a cultura da violación sen o menor pudor. O mesmo ano que os rexistros das violacións grupais tamén alcanzaban o seu máximo (con 42 ata o mes de agosto) Alonso de Mendoza, candidato de Vox ao congreso, tachaba de “harpía e fulana” á menor violada por tres xogadores de fútbol en Aranda de Douro. As mesmas opinións desprezables repetíronas contra a comunidade LGTBI, ou cando criminalizan constantemente aos inmigrantes para espallar o veneno do racismo.

Con todo, o problema non é só a mensaxe de odio que alentan en todas as súas aparicións públicas senón que pretenden levar as súas palabras aos feitos. Así o están facendo coa súa medida estrela: o “Pin parental”.

## 6M, folga estudantil feminista, antifascista e antirracista

A aplicación do Pin parental consiste en esixir aos centros de estudo unha autorización expresa dos proxenitores para que se poidan facer as actividades que a extrema dereita considera “controvertidas”, é dicir, a educación sexual, defender a liberdade das mulleres, o rexeitamento á violencia do machismo, a homofobia ou o racismo. Isto é sinxelamente esmagar o noso dereito a unha educación pública, laica e científica e abrir os centros públicos aos tempos das cavernas franquistas, legalizando a mensaxe fascista e embrutecedor que os nosos pais e avós tiveron que soportar durante 40 anos de ditadura.

Tal e como ocorría naqueles tempos, o Pin parental tamén servirá para perse-

guir aos docentes que máis se destaquen defendendo os dereitos das mulleres, inmigrantes ou ao colectivo LGTBI. Non o podemos permitir!

Na súa demagogia sen fin sobre o suposto “adourinamento” que pretenden evitar, contan coa axuda inestimable da xerarquía da Igrexa católica. Pero eles son quen efectivamente adoutrinan nas nosas aulas. Un dos seus máximos representantes, o vicepresidente da Conferencia Episcopal, o bispo Cañizares, despachábase publicamente falando contra o “imperio gai” ou o que segundo el é “a ameaza máis grande que ten a humanidade”: “a ameaza da lei de xénero, do ensino de xénero e da ideoloxía de xénero”. É a esta institución a quen cada ano séguenselle regalando miles de millóns de euros de diñeiro público para que a través da materia de relixión poida espallar a súa mensaxe machista e homófoba.

Por iso desde Libres e Combativas e o Sindicato de Estudantes convocamos unha folga xeral estudantil feminista, antirracista e antifascista o próximo 6 de marzo. Baleirando as aulas e enchendo as rúas botaremos atrás o Pin parental e toda a súa ofensiva reaccionaria contra os nosos dereitos.

## Non pasarán! Por un 8M de loita

Como en anos anteriores, dende Libres e Combativas defendemos con forza en todas as asembleas do 8 M do Estado a necesidade de que este ano tamén haxa Folga Xeral feminista, involucrando ao movemento sindical e a todos os colectivos e asembleas, como sucedeu en 2018 e 2019. Lamentablemente, unha parte das compañeiras vinculadas a CCOO e UGT e aos partidos que agora

conforman o Goberno, e que dirixen estas asembleas, negáronse en redondo a aceptar esta proposta.

Os argumentos para este rexeitamento son, na nosa opinión, erróneos e contraproducentes. Non ten sentido argumentar que unha folga feminista socavaría ao novo Goberno. En realidade, mostrar a nosa forza mediante unha nova folga xeral sería a maneira máis efectiva de enviar un golpe demoledor á extrema dereita e os seus aliados, ao mesmo tempo que empuxar ao consello de ministras e ministros do PSOE e Unidas Podemos a que cumpra connosco.

A violencia machista segue sendo unha realidade, como a xustiza patriarcal, a precariedade, a desigualdade laboral e salarial, a opresión dos coidados, os recortes en dependencia e no ensino público ou os desafuzamentos. Non podemos, non debemos, outorgar un cheque en branco a este Goberno. Temos que garantir que as nosas demandas cumpren e hai un cambio real, e só o lograremos aumentando a forza do noso movemento. A folga xeral feminista segue sendo unha peza clave desta estratexia.

Dende Libres e Combativas discrepan coas compañeiras e compañeiros que agora ven no réxime do 78, na súa mo-

narquía, os seus tribunais e a súa Constitución unha “trinchera” para defender os nosos dereitos. Isto non é así. É todo un armazón que encarcera aos mozos de Altsasu, a tuiteiros, rapeiros, mozos de esquerdas, sindicalistas ou independentistas cataláns, pero trata con luvas de seda aos empresarios, banqueiros e corruptos que nos explotan e nos rouban, e aos fascistas que nos agriden.

Ningún dereito logrouse só cunha votación parlamentaria, senón que sempre foi precedida da loita na rúa. Así se conquistaron e así frearemos ao bloque reaccionario!

Este 8 de marzo desde Libres e Combativas volveremos levantar a bandeira do feminismo revolucionario e anticapitalista. Só atacando á raíz do problema —o sistema criminal que impide a nosa liberdade, pisa os nosos dereitos e mata o planeta— poderemos libramos de todo tipo de opresión.

## Únete a Libres e Combativas para loitar contra a extrema dereita e o capitalismo!

## ENCONTRO ESTATAL FEMINISTA ANTIFASCISTA E ANTIRRACISTA

Sábado 22 de febreiro  
Madrid • Albergue San Fermín

Capitalismo, o explotador es ti.  
As oprimidas en pé

10h

Contra a violencia machista e a extrema dereita

16:30h

Organizando a folga estudantil do 6M e as manifestacións do 8M

As mobilizacións de millóns de mulleres en contra da violencia machista volveron sacudir o mundo. A forza que demostrou o movemento polos dereitos das mulleres traballadoras e mozas converteuse nun terremoto imparabile e no Estado español gañouse unha posición recoñecida na loita feminista internacional.

Para seguir dando pasos adiante, debater e seguir organizándonos contra quen fai bandeira da nosa opresión, convidámosvos a participar no Encontro Estatal Feminista, Antifascista e Antirracista organizado por Libres e Combativas e o Sindicato de Estudantes o próximo 22 de febreiro en Madrid. Esta reunión, aberta a todos e todas as estudantes, activistas do movemento feminista, traballadores e traballadoras, colectivos en loita... servirá de punta de lanza para a Folga Xeral Estudantil do 6 de marzo e para preparar as mobilizacións do 8M. Esperámosvos!

Inscríbete para participar en [www.libresycombativas.net](http://www.libresycombativas.net)

## Acoso machista e ameazas dos seguidores de Vox

► VEN DA CONTRAPORTADA

**P.**— Anunciastes que poñerades unha querela criminal pero tamén insistides en que os tribunais non son a solución. En moitas das vosas mobilizacións clamastes contra a xustiza franquista e patriarcal...

**Marina Mata.**— Efectivamente temos sobrados exemplos de que a xustiza non é igual para todos, é unha xustiza de clase. Os tribunais están infestados de franquistas que nunca foron depurados despois da caída do ditador. A mellor proba son as sentenzas que absolven a maltratadores e violadores e ao mesmo tempo condenan a vítimas como Juana Rivas. Encarceran a tuiteiros, sindicalistas, políticos independentistas ou aos mozos de Altsasu e en cambio protexen a monarcas e a empresarios que nos explotan, a banqueiros que nos desafuzan ou a corruptos que nos rouban impunemente.

É evidente que se Inés Arrimadas ou Cayetana Álvarez de Toledo recibisen as ameazas

que nós sufrimos, a noticia estaría a abrir telexornais, a fiscalía xa interviría e habería detidos. Pero a cousa é moi distinta se se trata de nós. Por iso a clave é que esta querela contra Vox vaia da man da mobilización. Así logramos cambiar a sentenza da Manda!

**P.**— Fixestes un chamamento público á solidariedade fronte a esta campaña da extrema dereita contra vós e en apoio á folga estudantil do 6M. Cal foi a resposta?

**CL.**— Tremenda. O mesmo día que anunciamos a interposición da querela, facíámolo apoiadas pola comunidade educativa e multitud de colectivos. CCOO, CEAPA, UGT, STEs, CGT, Co.Bas, a Coordinadora de Pensionistas, Arcópoli, a Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Trans e Bisexuais... E seguimos recibindo centos de mensaxes de solidariedade de colectivos feministas, activistas sociais, e de partidos como Podemos. É un ataque a todas e a todos. Temos que responder xuntos. Por

iso facemos un chamamento a todas as organizacións, asociacións e colectivos a que nos apoién con vídeos, fotos e mensaxes nas nosas redes ou enviándonos emails a [sindicatodeestudiantes.net](mailto:sindicatodeestudiantes.net) / [somoslibresycombativas@gmail.com](mailto:somoslibresycombativas@gmail.com).

E o máis importante: impulsando e difundindo a folga estudantil feminista do 6 de marzo, baleirando as aulas e enchendo as rúas, será a mellor resposta a estes reaccionarios, e a mellor preparación para que este 8M volvamos levantarnos en defensa dos dereitos das mulleres, da igualdade laboral e salarial, en contra da violencia machista e a xustiza patriarcal, da opresión capitalista, deixando claro que o fascismo... Non pasará!



# ACOSO MACHISTA

## e ameazas dos seguidores de **VOX** contra Libres e Combativas e o Sindicato de Estudiantes

**“Se Inés Arrimadas ou Cayetana Álvarez de Toledo recibisen os ataques que nós sufrimos, a noticia abriría telexornais e habería detidos”**

O pasado 20 de xaneiro Libres e Combativas e o Sindicato de Estudiantes facian pública a convocatoria dunha folga estudiantil feminista, antifascista e antirracista para o 6 de marzo contra o Pin parental. A partir de entón, as cloacas do machismo e do fascismo puxéronse en movemento co obxectivo de amedrentar-lles e silenciar-lles. Desde as redes sociais de Vox e as dos seus seguidores lanzábanse miles de mensaxes con insultos propios da cultura da violación, homófobos, de exaltación do franquismo e con serias ameazas contra os seus portavoces.

Entrevistamos ás compañeiras que foron vítimas en primeira persoa destes ataques: Coral Latorre, secretaria xeral do Sindicato de Estudiantes, Mariña Mata, secretaria de organización, e Ana García, portavoz de Libres e Combativas, todas elas militantes tamén de Esquerda Revolucionaria.

**Pregunta.-** Parece evidente que o desencadeante desta campaña foi o anuncio da folga estudiantil feminista. Que opinión merecevos este acoso por parte de Vox e os seus seguidores?

**Coral Latorre.-** É a mellor demostración do que realmente pensan quen defenden o Pin parental. A maior parte dos

seus miles de comentarios véxannos por ser mulleres. Gustaríame reproducir algúns, aínda que podedes ler máis na nosa web:

“MÁS MATEMÁTICAS y menos chupar navos”.

“Pero INÚTILES. ‘la derecha’ no quiere dar charlas de como meterse un pepino por el culo! INÚTILES!”.

“Jajajajaa no se puede ser más patéticas..... Bueno si... ‘Y LA CULPA NO ERA MIAAAA!!...’”.

“Al rechazar el pin parental están retratándose como obses del sexo y el adoctrinamiento comunista”.

“Deberían poner un pin parental para que no salgan tan feas como vosotras, guarras”.

“Que siiiiiiiii que ya hemos pasado gilipollas!!!! Pasamos, arrasamos y os masacramos. (...) Tontas! Pasamos y ganamos. Queréis que pasemos de nuevo? Pasaremos. VIVA ESPAÑA Y VIVA FRANCO!!!!”.

É increíble. Esta é a extrema dereita de Vox e unha mostra do que son capaces. Chámannos porcas, feas, charos e fan clara apoloxía da cultura da violación e do franquismo. Logo fálannos “en defensa da liberdade” pero son os mesmos que durante 40 anos esmagaron os nosos dereitos nunha ditadura sanguenta. O Pin parental é só o primeiro paso dunha ofensiva maior. Empezaron a súa cruzada pola educación, pero se non lles freamos, irán moito máis alá. Por iso é tan importante responder coa mobilización nas rúas. Esa é a mellor forma de combater á extrema dereita.

**Ana García.-** Se reaccionaron con esta furia á nosa convocatoria é porque nos teñen medo. Esa foi sempre a táctica da extrema dereita porque cando lles combatemos a través da mobilización deixamos en evidencia a nosa fortaleza e a súa debilidade. Poden ter un número importante de deputados, pero os millóns de traballadoras e traballadores, de mozos que nutrimos as manifestacións das mareas, as marchas pola dignidade, o 8M, os pensionistas, as folgas climáticas... somos unha forza imparabile.

CONTINÚA DENTRO ▶



**ESQUERDA  
REVOLUCIONARIA**

somoslibresycombativas@gmail.com  
www.libresycombativas.net



Número 11